

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**6173** Orde PRA/499/2017, do 1 de xuño, pola que se modifica o anexo IX do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

A Directiva (UE) 2015/719 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, que modifica a Directiva 96/53/CE do Consello pola que se establecen, para determinados vehículos de estrada que circulan na Comunidade, as dimensións máximas autorizadas no tráfico nacional e internacional e os pesos máximos autorizados no tráfico internacional, ten por obxecto reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e, en particular, as de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>). Neste sentido, cómpre adaptar a normativa que regula esta materia para permitir a normal implantación daqueles avances tecnolóxicos de eficacia contrastada que coadruven na consecución dos citados obxectivos, ademais de facilitar as operacións do transporte intermodal, ao tempo que se garante unha competencia non distorsionada.

En materia de aerodinámica, os dispositivos específicos e as melloras nas cabinas dos vehículos contribúen a unha maior eficiencia enerxética e seguridade viaria. Non obstante, a implantación destes elementos fan que se incremente, aínda que de maneira moderada, a lonxitude máxima do vehículo, polo que cos actuais límites de lonxitude non existe aliciente para a incorporación das melloras aerodinámicas, xa que para respectar o máximo de lonxitude habería que reducir a capacidade de carga en detrimento da competitividade ao ter que transportar menor carga.

Por esta razón, para facilitar que se poidan adoptar estas melloras sen ter por isto que reducir a carga, auméntase a lonxitude máxima permitida.

Por outro lado, os combustibles alternativos ás fontes de enerxía fósil para os transportes conseguen a redución da contaminación facendo do transporte por estrada un medio máis sustentable. Porén, os sistemas de propulsión alternativos comportan un aumento da tara do vehículo, minguando a súa capacidade de carga. En liña co anterior, considerouse oportuno aumentar nestes supostos a masa máxima permitida do vehículo, co obxecto de facer compatible o uso destes combustibles sen ter que reducir o volume de carga e sen minguar, polo tanto, a súa competitividade.

Así mesmo, a utilización dos contedores ou caixas móbiles de 45 pés no transporte intermodal, cada vez máis crecente, excede lixeiramente a actual lonxitude máxima permitida do vehículo ou conxunto, así como a lonxitude máxima permitida entre o eixe do pivote de enganche e a parte posterior do contedor. Para evitar esta situación, auméntase en 15 centímetros as citadas lonxitudes máximas en operacións de transporte intermodal, o que vai contribuír a manter a competitividade dos nosos vehículos cando se dediquen a esa clase de transporte de mercadorías entre os Estados membros, ao permitir que poidan facelo mediante contedores ou caixas con maior capacidade.

A incorporación ao noso ordenamento interno destes cambios recollidos na Directiva (UE) 2015/719 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, exigen a modificación do anexo IX do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

De acordo co sinalado no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, cumpríuse o trámite de audiencia aos cidadás.

Tamén o Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable emitiu informe favorable, de acordo co previsto no artigo 8.5.d) do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 2 de marzo.

Esta orde dítase conforme a habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, que faculta os ministros do Interior e de Economía, Industria e Competitividade para modificar mediante orde os seus anexos, e cómpre, ademais, no caso do anexo IX, a conformidade do ministro de Fomento.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Economía, Industria e Competitividade, coa conformidade do ministro de Fomento e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo IX do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

O anexo IX do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Incorpóranse os puntos 1.24, 1.25 e 1.26 no número 1, «Definicións».

«1.24 Combustibles alternativos: os combustibles ou fontes de enerxía que serven, ao menos en parte, de substituto ás fontes de enerxía fósil para os transportes e que poden contribuír á descarbonización destes últimos e a mellorar o comportamento ambiental do sector do transporte. Consisten:

- a) Na electricidade consumida en todos os tipos de vehículos eléctricos,
- b) no hidróxeno,
- c) nos biocombustibles, tal e como se definen no artigo 2, punto 2, do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocombustibles e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocombustibles para efectos do seu cómputo,
- d) nos combustibles sintéticos e parafínicos,
- e) no gas natural, incluído o biometano, en forma gasosa (gas natural comprimido-GNC) e en forma licuada (gas natural licuado-GNL),
- f) no gas licuado do petróleo (GLP),
- g) na enerxía mecánica procedente de almacenamento a bordo/de fontes a bordo, incluída a calor residual.

1.25 Vehículo de combustible alternativo: un vehículo de motor alimentado total ou parcialmente por un combustible alternativo e que foi debidamente homologado.

1.26 Operación de transporte intermodal, terán esta consideración:

a) As operacións de transporte combinado definidas no artigo 1 da Orde do 30 de setembro de 1993 pola que se establecen normas especiais para determinados transportes combinados de mercadorías entre Estados membros da CEE, destinadas ao transporte dun ou de varios contedores ou caixas móbiles, cunha lonxitude máxima total de até 45 pés, ou

b) As operacións de transporte destinadas ao transporte dun ou de varios contedores ou caixas móbiles, cunha lonxitude máxima total de até 45 pés, que recorran ao transporte pola vía navegable ou a un percorrido marítimo, sempre que o tramo por estrada inicial ou final non exceda os 150 quilómetros no territorio da Unión. Poderase superar a distancia indicada de 150 quilómetros co obxecto de alcanzar a terminal de transporte adecuada máis próxima para o servizo previsto, no caso de vehículos articulados de 5 ou 6 eixes, formados por un vehículo motor de 2 eixes e con semirremolque de 3 eixes, ou por un vehículo motor de 3 eixes e semirremolque de 2 ou 3 eixes.

Para as operacións de transporte intermodal, a terminal de transporte adecuada máis próxima que preste un servizo poderá estar situada nun Estado membro distinto do Estado membro en que o cargamento fose cargado ou descargado.»

Dous. A táboa 2 «Masas máximas autorizadas» do punto 2.1 do número 2, «Masas máximas permitidas», queda redactada do seguinte modo:

	«Toneladas»
Vehículos de motor	
Vehículo de motor de 2 eixes, excepto autobuses (1).	18
Autobuses de dous eixes da clase I (urbano), segundo a clasificación da Directiva 2001/85/CE, do 20 de novembro.	20
Autobuses de 2 eixes das clases II e III (interurbano e longo percorrido), segundo a clasificación da Directiva 2001/85/CE, do 20 de novembro.	19,50
Vehículo de motor de tres eixes (1).	25
Vehículo de motor de 3 eixes, cando o eixe motor vaia equipado con pneumáticos dobres e suspensión pneumática ou recoñecida como equivalente a escala comunitaria, ou cando cada eixe motor estea equipado de pneumáticos dobres e a masa máxima de cada eixe non exceda as 9,5 toneladas (1).	26
Autobuses articulados de 3 eixes (1).	28
Vehículo ríxido de 4 eixes con dous direccionais, cando o eixe motor vaia equipado con pneumáticos dobres e suspensión pneumática ou recoñecida como equivalente a escala comunitaria, ou cando cada eixe motor estea equipado de pneumáticos dobres e a masa máxima de cada eixe non exceda as 9,5 toneladas.	32
Outros vehículos ríxidos de 4 eixes.	31
Remolques	
Remolques de 2 eixes.	18
Remolques de 3 eixes.	24
Vehículos articulados de 4 eixes	
Vehículo de motor de 2 eixes e semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa igual ou superior a 1,30 metros e sexa inferior a 1,80 metros (2).	36
Vehículo de motor de 2 eixes e semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa igual ou superior a 1,80 metros.	36
Vehículo de motor de 2 eixes, equipado no eixe motor con rodas xemelgas, suspensión pneumática ou recoñecida como equivalente e cun semirremolque no cal a distancia entre eixes sexa superior a 1,80 metros, e se respecten a masa máxima autorizada do vehículo motor (18 toneladas) e a masa máxima autorizada de 1 eixe tándem de semirremolque (20 toneladas).	38
Outros vehículos articulados de 4 eixes compostos por un tractor de 2 eixes e un semirremolque doutros 2 eixes.	36
Vehículos articulados de 5 ou máis eixes	
Vehículo de motor con 2 eixes e con semirremolque de 3 eixes.	40
Vehículo de motor con 3 eixes e con semirremolque de 2 ou 3 eixes.	40
Vehículo de motor con 3 eixes e con semirremolque de 2 ou 3 eixes que leve, en transporte combinado, un contedor ou caixa móbil pechados, igual ou superior a 20 pés e homologado para o transporte combinado.	44
Vehículo de motor con 2 eixes e con semirremolque de 3 eixes levando, en transporte combinado, un contedor ou caixa móbil pechados, igual ou superior a 20 pés e homologado para o transporte combinado.	42
Trens de estrada de 4 eixes	
Vehículo de motor de 2 eixes e remolque de 2 eixes.	36
Trens de estrada de 5 ou máis eixes	
Vehículo de motor de 2 eixes con remolque de 3 eixes.	40
Vehículo de motor de 3 eixes con remolque de 2 ou 3 eixes.	40

(1) Os vehículos de combustible alternativo poderán incrementar a súa masa máxima autorizada no peso adicional requirido pola tecnoloxía de combustible alternativo até un máximo de 1 tonelada. No caso de vehículos destinados a servizos en contornos urbanos poderase superar en máis de 1 tonelada sempre que non se superen a masa máxima tecnicamente admisible do vehículo e a masa por eixe máximas permitidas.

(2) Salvo cando o semirremolque estea equipado con caixa basculante reforzada para a utilización específica en construción, obras ou minaría que será de 38 toneladas, sempre que a carga imposta sobre o dispositivo de ensamblaxe sexa compatible coas masas máximas por eixe establecidas na táboa 1.»

Tres. A táboa 3, «Dimensións máximas autorizadas», do punto 3.1 do número 3, «Dimensións máximas autorizadas aos vehículos para poder circular, incluída a carga», queda redactada do seguinte modo:

	«Metros»
<b>Lonxitude</b>	
Vehículos de motor excepto autobuses (1).	12,00
Remolques (1).	12,00
Vehículos articulados excepto autobuses (1).	16,50
Distancia máxima entre o eixe de pivote de enganche e a parte traseira do semirremolque (1).	12,00
Distancia máxima entre o eixe de pivote de enganche e un punto calquera de parte dianteira do semirremolque, horizontalmente.	2,04
Trens de estrada (1) e (2).	18,75
A distancia máxima, medida en paralelo ao eixe lonxitudinal do tren de estrada, entre os puntos exteriores situados máis adiante da zona de carga detrás da cabina e máis atrás do remolque do conxunto de vehículos, menos a distancia entre a parte traseira do vehículo motor e a parte dianteira do remolque.	15,65
Distancia máxima, medida en paralelo ao eixe lonxitudinal do tren de estrada, entre os puntos exteriores situados máis adiante da zona de carga detrás da cabina e máis atrás do remolque do conxunto de vehículos.	16,40
Autobuses articulados.	18,75
Autobuses ríxidos de 2 eixes.	13,50
Autobuses ríxidos de máis de 2 eixes.	15,00
Autobuses con remolque, incluído este.	18,75
No caso de autobuses equipados con accesorios desmontables, como os portaesquí, a lonxitude do vehículo, accesorios incluídos, non superará as máximas previstas nesta epígrafe.	
<b>Largura</b>	
A largura máxima autorizada, como regra xeral.	2,55
Superestructuras de vehículos acondicionados (3).	2,60
Autobuses especialmente acondicionados para o traslado de presos (4).	2,60
<b>Altura</b>	
Altura máxima dos vehículos, incluída a carga, como norma xeral.	4,00
Altura máxima dos autobuses da clase I (urbano).	4,20
<b>Altura máxima dos seguintes vehículos, incluída a carga</b>	
Portavehículos: camións (ríxidos) e conxuntos de vehículos (trens de estrada e vehículos articulados), cando estean especializados no transporte de vehículos.	
Vehículos guindastre: os destinados á retirada de vehículos accidentados ou avariados.	4,50
Vehículos que transportan contedores cerrados homologados para o transporte combinado ou intermodal.	

(1) Os vehículos ou conxuntos de vehículos que transporten contedores ou caixas móbiles de 45 pés de lonxitude, con ou sen carga, nunha operación de transporte intermodal poderán superar en 15 centímetros a lonxitude ou distancia máxima que lles corresponda.

(2) A lonxitude dos trens de estrada especializados no transporte de vehículos, circulando con carga, pode aumentarse até un total de 20,55 metros utilizando un saínte ou soporte de carga traseiro autorizado para isto. O saínte ou soporte de carga traseiro non poderá sobresaír en relación coa carga. A carga poderá sobresaír por detrás, sen exceder o total autorizado, sempre que o último eixe do vehículo que se transporta descanse na estrutura do remolque. A carga non poderá sobresaír por diante do vehículo de tracción.

(3) Un vehículo acondicionado é calquera vehículo cuxas superestructuras fixas ou móbiles estean parcialmente equipadas para o transporte de mercadorías a temperaturas dirixidas e no cal a espesura de cada parede lateral, incluído o illamento, sexa de 45 milímetros como mínimo.

(4) Enténdese por vehículo tipo autobús, especialmente acondicionado para o traslado de presos, o constituído por un compartimento central para celas separado do dianteiro (condución e escolta) e traseiro (escolta), así como por un corredor central.»

Catro. Incorporárase o número 7, «Lonxitude máxima de vehículos ou conxuntos de vehículos con melloras aerodinámicas».

«7. Lonxitude máxima de vehículos ou conxuntos de vehículos con melloras aerodinámicas.

Os vehículos ou conxuntos de vehículos que contén con cabinas homologadas que melloren o rendemento aerodinámico, a eficiencia enerxética e a seguridade viaria, así como os equipados con dispositivos aerodinámicos homologados na parte traseira, poderán superar, para tal efecto, a lonxitude máxima establecida. Calquera superación das lonxitudes máximas non implicará un aumento da capacidade de carga dos ditos vehículos.

Os dispositivos aerodinámicos deberán reunir as seguintes condicións operativas:

- a) Cando a seguridade doutros usuarios da estrada ou do condutor estea en perigo, o condutor pregaraos, repregaraos ou desmontaraos;
- b) o seu uso en vías urbanas e interurbanas terá en conta as características especiais das zonas onde o límite de velocidade sexa inferior ou igual a 50 km/h e onde a probabilidade de que haxa usuarios da estrada vulnerables sexa maior, e
- c) o seu uso será compatible coas operacións de transporte intermodal e, en particular, cando se repreguen ou preguen non deberán aumentar a lonxitude máxima autorizada en máis de 20 centímetros»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

A través da modificación do anexo IX do Regulamento xeral de vehículos incorpórase ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2015/719 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, que modifica a Directiva 96/53/CE do Consello pola que se establecen, para determinados vehículos de estrada que circulan na Comunidade, as dimensións máximas autorizadas no tráfico nacional e internacional e os pesos máximos autorizados no tráfico internacional

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de xuño de 2017.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.